



## INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL EN 2ºBACH

O 28 de febreiro de 2024, publicáronse as instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24

O alumnado de 2ºBACH poderá acreditar o seu nivel de competencia dixital:

1. A obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das **áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais.
2. O alumnado matriculado en 2º de BACH poderá presentarse a unha **proba específica** co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de **dominio 4 do nivel intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais.
3. No caso de que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel e ademais supere a proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, recibirá a **certificación ComDix que acredita o nivel intermedio**. A dita certificación será emitida de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.
4. O alumnado que titule sen superar a proba específica e o alumnado que non titule e supere a proba específica poderá solicitar no centro docente un documento que acredite os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio de competencias dixitais de **nivel intermedio** superadas segundo o modelo anexo I.

O documento de acreditación terá unha **validez de cinco anos** a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

O alumnado de 2º de BACH que **desexe realizar a proba específica** entregará a solicitude de inscrición (modelo anexo IV) na secretaría do **antes** do luns 11 de marzo ás 13:30h, logo de ese prazo a aplicación de matriculación pecharase. O alumnado menor de idade contará coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba

A proba específica que acredita a **área de dominio 4 de nivel intermedio** realizarase durante o mes de abril, en convocatoria única. As probas realizaranse nos centros docentes que impartan a etapa bacharelato con alumnado inscrito o día e no horario que se estableza segundo o número de alumnado interesado e a dispoñibilidade de equipos informáticos do centro. A Consellería informará ao centro do día e da hora coa antelación suficiente para a organización das probas.

A proba específica para acreditar a área de **dominio 4**, Seguridade e privacidade, axustarase á definición de dita área no nivel Intermedio no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>). O alumnado debe responder nun tempo máximo de **20 minutos** un total de **12 preguntas** de diferente complexidade e tipoloxía. A proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio considerarase superada ao responder correctamente ao 60% das preguntas.

As certificacións ComDix estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno. Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirá a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.

O contido do Marco galego de competencias dixitais (MGCD) pódese consultar en

[https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213\\_EstruturaMGCD\\_v.1.0.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213_EstruturaMGCD_v.1.0.pdf)